


O reino de Galicia: o achado da tumba do apóstolo Santiago

Como xa estudamos (Tema 2) os **exércitos musulmáns** chegaron a ocupar a meirande parte da Península Ibérica, pero non toda. A **zona norte**, que era máis inhóspita polo seu clima, foi abandonada con rapidez.

No territorio da actual Galicia, as tropas musulmás chegaron ata **Lugo** no ano 713 e 714, pero **só ocuparon de xeito efectivo** unha zona entre Astorga e a desembocadura do Miño.

Así, a **mediados do s. VIII**, o territorio galego quedou **á marxe dos enfrontamentos** cos musulmáns.



A. Os reis ástur-leoneses e a tumba de Santiago

Segundo a Biblia, o **apóstolo Santiago** predicou en Hispania durante o século I. A tradición medieval afirma que morreu en Xerusalén e que os seus **restos** foron trasladados ata Galicia para seren enterrados.

Conta a **lenda** que no ano 813 un ermitán viu unhas estrelas no ceo que se desprazaban ata situarse sobre un bosque. Foi visitar aquel sitio e atopou un sepulcro con restos humanos. A noticia chegou ata o bispo de Iria Flavia, Teodomiro, que os atribuíu ó apóstolo Santiago e denominou aquel “campo de estrelas” como “campus stellae” (Compostela). Axiña, o rei Afonso II de Asturias mandou

construír unha igrexa en honor a Santiago, ata alí trasladouse a sede do bispado e iniciáronse as peregrinacións.

Afonso III ampliou a igrexa a finais do século IX para darlles cabida ós peregrinos, que eran cada vez máis numerosos, e Afonso VI, a finais do século XI, iniciou as obras da catedral románica, que fora destruída por al-Mansur, militar andalusí que no ano 997 ocupara e arrasara a cidade de Santiago.

1. Segundo conta a lenda, como foron encontrados os **restos** do apóstolo Santiago?
2. Quen **atribuíu** estes restos ó apóstolo Santiago?
3. Busca en que concello galego está situada **Iria Flavia**.
4. Quen mandou construír unha **igrexa** en honor a Santiago?
5. Cando foi **ampliada por primeira** vez a igrexa construída en honor a Santiago?
6. Con que rei se iniciaron as obras da **catedral románica** de Santiago? **Por que?**

B. Preguntas sobre o vídeo: *Por que a tumba do Apóstolo aparece en Compostela?* (da canle “Falemos do Reino de Galicia”):

https://www.youtube.com/watch?v=5vcu9O6nfLM&ab_channel=FalemosDoReinodeGalicia

- ➔ Cando podemos situar as **orixes do achado da tumba** do apóstolo Santiago?
- ➔ **Quen** identifica o sepulcro do apóstolo Santiago?
- ➔ A chegada dos **exércitos musulmáns** á Península, sucedeu **antes ou despois do achado do sepulcro** do apóstolo?

➔ Que significa o termo *inventio* en latín?

➔ Están **seguros** os historiadores **entrevistados** de que alí estea enterrado o apóstolo?

➔ Entre que **dous grandes poderes medievais** había **tensión** no momento no que se descobre o sepulcro?

Onde se sitúa **Galicia** respecto a eles?

➔ Indica se consideras **acertada** a seguinte frase:

- *Unha das historiadoras entrevistadas afirma que o achado da tumba do apóstolo serviu para reforzar ou lexitimar o poder do rei Afonso II, apoiándose así na Igrexa católica.*

➔ É posible **saber con seguridade** por que apareceu en Galicia a tumba do apóstolo? **Por que?**

Traballo de investigación – O Camiño de Santiago na Idade Media

En parellas, buscade información sobre a **importancia do Camiño de Santiago na Idade Media**. Elaborade unha **redacción** na que explicades os seguintes puntos (para iso, consultade as ligazóns que vos proporciono):

- Por que **motivos** se peregrinaba? (hai mais motivos que os relixiosos...)

➔ <https://www.muyinteresante.es/historia/34122.html>

➔ <https://vivecamino.com/camino-santiago-edad-media-no-193/>

- Cales eran as **principais vías** de peregrinación?
- Como era **facér o camiño** de Santiago **nese momento**?
- Cal era a **importancia socioeconómica** do Camiño?

➔ <https://www.arteguias.com/camino-santiago-sociedad.htm>

- Vedes algún **parecido** entre o camiño de Santiago na Idade Media e na actualidade? Argumentade a vosa resposta.

- Incluíde unha **entrevista ficticia a un peregrino ou peregrina medieval** na que vos conte as súas experiencias facendo o camiño.

